



Grao en Lingua e Literatura Galegas

Lingua, literatura e cultura galegas II

2025/2026

Información

Créditos ECTS

Créditos ECTS: 6

Horas ECTS Criterios/Memorias

Traballo do Alumno/a ECTS: 99

Horas de Titorías: 3

Clase Expositiva: 24

Clase Interactiva: 24

Total: 150

Linguas de uso

Castelán, Galego

Tipo:

Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007 - 822/2021

Departamentos:

[Filoloxía Galega](#)

Áreas:

Filoloxías Galega e Portuguesa

Centro

[Facultade de Filoloxía](#)

Convocatoria:

Segundo semestre

Docencia:

Con docencia

Matrícula:

Matriculable

Programa

Obxectivos da materia



- a) Incrementar a capacidade de entender textos en galego, tanto orais coma escritos.
- b) Incrementar a capacidade de expresarse en galego, tanto por escrito coma oralmente, en situacións cotiás.
- c) Consolidar e aumentar coñecementos acerca da gramática galega.
- d) Consolidar e aumentar coñecementos acerca dos principais períodos da historia da literatura galega.

Contido



A) CONTIDOS LINGÜÍSTICOS

1. Funcións comunicativas

Localizar no espazo un obxecto, persoa ou lugar
Identificar e describir persoas, lugares e obxectos.
Realizar valoracións e establecer comparacións.
Dar enderezos e indicacións para chegar a un determinado lugar.
Expresar propósitos e intencións. Os horarios
Expresar gustos, opinións e desexos de facer algo [U10, U11]
Relatar algo en presente e en pasado
Pedir algo nunha tenda

2. Contidos léxicos

A alimentación: gustos, hábitos gastronómicos, as comidas do día
Características psicolóxicas das persoas.
As actividades profesionais.
A localización no espazo
O tempo de lecer. As vacacións, as viaxes.
As partes da vivenda. O mobiliario doméstico.
O clima.
A saúde

3. Contidos gramaticais

Funcións dos pronomes persoais tónicos e átonos. Os usos de ti / vostede e vós / vostedes. A colocación do pronome átono.

Demostrativos e posesivos: formas, contraccións e usos.

A comparación.

Forma impersonal con se

Usos de ser e estar.

Futuro. Perífrases de futuro.

Usos do pretérito perfecto e imperfecto ou copretérito e diferenzas entre eles.

O imperativo: formación e usos.

Os verbos irregulares máis frecuentes: ser, estar, facer, saber, poder, ter...

A reflexividade e os verbos pronominais.

Perífrases verbais de uso xeral: estar a + inf., ir + inf., ter que + inf., haber + (de) + inf., ter + participio.

O subxuntivo.

B) CONTIDOS LITERARIOS E SOCIOCULTURAIS

4. A literatura galega nos seus contextos históricos e socioculturais

4.1. A literatura galego-portuguesa medieval. Textos.

4.2. O Rexurdimento. Textos.

4.3. As vangardas e a Época Nós. Textos literarios e non literarios.

4.4. A posguerra e a ditadura. Textos literarios e non literarios.

4.5. O final do século XX e o século XXI. Textos literarios, xornalísticos, e doutros tipos.

5. Os medios audiovisuais (cine, TV)

Bibliografía básica e complementaria



Bibliografía básica

Na clase usarase como material auxiliar o manual Aula de galego 1

(http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1), e concretamente as unidades 7-12

Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2012): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galega.

[Santiago de Compostela]: Instituto da Lingua Galega / [A Coruña]: Real Academia Galega, 23ª ed.

<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/252>

Bibliografía complementaria

Dicionarios

Álvarez de la Granja, M. (coord.) (2001): Dicionario gallego castellano. Vigo: Galaxia.
Fernández Salgado, Benigno (1999): Diccionario elemental Inglés-Galego. Vigo: Xerais.
Real Academia Galega: Dicionario da Real Academia Galega <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>.
Regueira, X. L. (dir.): Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
VVAA (2008): Novo dicionario da lingua galega. Santiago de Compostela: Obradoiro.

Gramáticas

Álvarez, R. / X. Xove (2002): Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia.
Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Recursos on-line

Loia. Guía aberta á lingua galega: <http://consellodacultura.gal/cdsg/loia/?idioma=1>
Real Academia Galega: Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>.
Dicionario CLUVI inglés-galego (baseado no Corpus CLUVI da Universidade de Vigo): <http://sli.uvigo.es/dicionario/clig.html>
Dicionario CLUVI francés-galego (baseado no Corpus CLUVI da Universidade de Vigo): <http://sli.uvigo.es/CLFG/clfg.html>
Rinoceronte. Dicionario castelán-galego. <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
Máis recursos (inclúe aplicacións de corrección e tradución e para móbiles): <http://maos.gal/recursos/recursos-galego/>

Lecturas complementarias

de Toro Santos, Antonio Raúl (2010): Breogán's Lighthouse: An Anthology of Galician Literature. London: Francis Boutle.
Murado, Miguel-Anxo (2008): Outra idea de Galicia. Barcelona: Debate.
Vilavedra, Dolores (1999): Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia.

- Entender en galego conversas e textos de uso común.
- Expresarse en galego por oral e escrito en situacións cotiás.
- Coñecer a gramática galega a nivel básico.
- Coñecer os períodos da literatura galega e os principais autores.

Metodoloxía da ensinanza



A metodoloxía basearase nun uso eminentemente práctico da lingua, a nivel pasivo (comprensión) e activo (expresión). Traballarase fundamentalmente con textos orais e escritos (literarios, mais non só) previamente seleccionados conforme á súa aptitude para traballar os conceptos e contidos propostos na aula. Contarase tamén co apoio de material audiovisual (sobre todo música), especialmente no desenvolvemento dos contidos socio-culturais da materia. No campus virtual disporanse contidos (recursos, información gramatical, textos literarios) e propóranse exercicios (tarefas ou cuestionarios).

Sistema de avaliación



Primeira oportunidade

A avaliación será continua e avaliarase coas seguintes proporcións:

- a) Asistencia e participación activa nas aulas ou nos foros: 20%. Para obter puntuación neste apartado, o número de ausencias non xustificadas non pode ser superior a 5.
- b) Tarefas periódicas referidas a aspectos comunicativos e gramaticais: 50%. Se non se entregan na data estipulada, a puntuación será 0.
- c) Cuestionarios (2): 30%.

Segunda oportunidade

No caso de o alumnado non superar a materia por avaliación continua, para a segunda oportunidade poderá repetir traballos non superados (dos epígrafes b) e c). A nota de a) permanecerá inalterable. As proporcións serán as mesmas.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Tempo de estudo e traballo persoal



-ACTIVIDADES PRESENCIAIS (indícase o número de horas)

- Clases expositivas: 28.

-Clases interactivas: 28.

-Titorías programadas: 1.

- Exames: 3

ACTIVIDADES NON PRESENCIAIS

- Estudo e preparación de actividades programadas na clase:
50.

- Realización de traballos de diverso tipo: 15.

- Lecturas: 20.

- Preparación de exames: 5.

Recomendacións para o estudo da materia



É necesario ter cursado con anterioridade a materia "Lingua, literatura e cultura galegas I" ou ter coñecementos básicos de lingua e literatura galegas.

A asistencia e participación activa na clase é fundamental para poder ter unha avaliación positiva nesta materia.

Observacións


